

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA DO RIBEIRO, A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN, A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DO CARBALLIÑO, A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA TERRA DE CELANOVA, A MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE OURENSE E A MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA SANTA ÁGUEDA PARA A CONSOLIDACIÓN DO PROGRAMA NO QUE SE ESTABLECEN 22 BRIGADAS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR UN PERÍODO DE SEIS MESES, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027

ANTECEDENTES

No exercicio 2025 desenvolveuse o convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidade de Municipios da comarca de Verín, a Mancomunidade de municipios da Comarca do Carballiño e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova para o desenvolvemento dun programa piloto no que se estableceron 16 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de seis meses, cofinanciado parcialmente do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

O programa piloto desenvolvido permitiu comprobar a viabilidade do modelo de brigadas mancomunadas cun período de operatividade de ata 6 meses, reforzando a capacidade de prevención e apoio á extinción nunha provincia cunha problemática estrutural de incendios forestais. En particular, o piloto acreditou:

1. Maior cobertura territorial e homoxeneidade do servizo, ao garantir o despregamento de 16 brigadas e a cobertura dos 28 concellos incluídos, reducindo baleiros operativos e mellorando a coordinación supramunicipal.
2. Optimización de recursos municipais mediante xestión conxunta, facilitando a planificación e execución de actuacións preventivas (manuais e mecanizadas) e a súa compatibilidade co operativo autonómico.





3. Mellora da capacidade de resposta e coordinación operativa, ao establecer un marco común de funcionamento, seguimento e control das brigadas, con aprendizaxes útiles para a súa ampliación.

A execución da parte de *actuacións en prevención de incendios forestais* foi completa, realizando as 16 brigadas traballos de investigación do estado das parcelas incluídas nas faixas secundarias dos concellos incluídos no seu ámbito territorial, así como a realización de rozas de xeito mecanizado e manual, acordes cos programas de actuacións preventivas realizados por cada mancomunidade de municipios:

Entidade	Nº de parcelas investigadas	Has. Rozas manuais (segundo o Programa de Actuacións Preventivas aprobado)	Has. Rozas mecanizadas (segundo o Programa de Actuacións Preventivas aprobado)
M. I.V. do Ribeiro	16.867	51,04	41,20
M. de municipios da comarca de Verín	18.116	54,28	44,14
M. de municipios da comarca do Carballiño	17.408	20,30	34,60
M.I.V. Terra de Celanova	21.507	97,72	161,89
Totais	73.898	223,34	281,83

En canto a execución das actuacións de *defensa contra os incendios forestais*, executaron o período de xeito satisfactorio coas seguintes intervencións:

Entidade	Nº de intervencións en incendios forestais
M. I.V. do Ribeiro	72
M. de municipios da comarca de Verín	78
M. de municipios da comarca do Carballiño	63
M.I.V. Terra de Celanova	72
Totais	285





O ano 2025 caracterizouse por unha situación de especial gravidade en materia de incendios forestais na provincia de Ourense, con episodios simultáneos de grandes incendios e un nivel de emerxencia que requiriu reforzos extraordinarios de medios e coordinación interadministrativa. Así, con data 12/08/2025 ante a evolución desfavorable dalgúns dos lumes activos na provincia, e en aplicación do establecido no Real Decreto 893/2013, do 15 de novembro, polo que se aproba a *Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais* e no *Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga)*, declarouse polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia de Ourense a situación operativa 2.

Á vista dos resultados do programa piloto implementado no ano 2025 e da especial situación da provincia de Ourense en relación aos incendios forestais, considérase xustificada por razóns de interese público e por necesidade operativa a **ampliación do programa** no exercicio 2026 incorporando dúas mancomunidades adicionais que manifestaron o seu interese por subscribir este convenio, que son:

- A Mancomunidade Voluntaria de municipios da comarca de Ourense composta polos concellos de Baños de Molgas, Esgos, Maceda, Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, Parada de Sil, Pereiro de Aguiar (O), San Cibrao das Viñas, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo.
- A Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda composta polos concellos de Amoeiro, Coles, Peroxa (A) e Vilamarín.

CONTEXTO XURÍDICO-NORMATIVO

A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

De acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola consellería competente en materia forestal. Así mesmo, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) e a consellería competente en materia forestal exercer estas competencias. Este plan engloba todas aquelas accións encamiñadas a eliminar ou reducir os riscos que poden ser causa da ocorrencia de incendios forestais e da súa propagación e recolle a intensificación da coordinación e cooperación coas administración locais.





Estas actuacións de colaboración coas entidades locais teñen o seu amparo legal a teor do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e artigo 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en canto ás competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios; e consonte ao disposto nos artigos 8 e 59.2 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que prevén de forma explícita a colaboración e cooperación entre a Xunta de Galicia e os concellos en materia de prevención de incendios forestais.

RELACIÓN DE ACTUACIÓNS CONCRETAS OBJETO DE COLABORACIÓN

A actuación que será obxecto do presente convenio será a constitución de brigadas en cada mancomunidade de municipios que desenvolverán as seguintes funcións:

- 1.- Actuacións en materia de vixilancia e defensa de incendios: unidade composta por 5 ou 4 persoas que realizarán labores de vixilancia e defensa de incendios durante un período de operatividade de 6 meses. Para a súa constitución deberán cumprir as condicións establecidas no convenio.
- 2.- Actuacións en materia de prevención de incendios:
 - a) "Labores de prevención de xeito manual": traballos de roza manual e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal con redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
 - b) "Tratamentos preventivos de xeito mecanizado": rozas mecanizada de matogueira con apeiro rozador de cadeas ou similar acoplado a tractor.

Os concellos que integran cada mancomunidade de municipios non poderán levar a cabo actuacións preventivas ao abeiro do "convenio interadministrativo entre a Consellería de Medio Rural e as entidades locais para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais" durante o ano 2026 nas mesmas superficies nas que vaia actuar a mancomunidade de municipios á que pertence.





Número de brigadas por Mancomunidade	
Entidade	Nº de brigadas
M. I.V. do Ribeiro	4
M. de municipios da comarca de Verín	4
M. de municipios da comarca do Carballiño	4
M.I.V. Terra de Celanova	4
M. V. de municipios da comarca de Ourense	4
M. I.V. Santa Águeda	2
Totais	22

RAZÓNS QUE ACREDITAN O PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

En relación co disposto no artigo 40.2.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as razóns que acreditan o interese público e polo tanto a concesión directa destas subvencións derivan de que a realización do maior número posible de actuacións preventivas é de interese, non só para as administracións asinantes, senón para a cidadanía en xeral, dado que, estas tarefas, contribúen a minorar e mesmo a evitar as consecuencias económicas e ambientais dos incendios forestais; que constitúen unha grave ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio dos propietarios forestais, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

As Mancomunidades de municipios son entidades locais non territoriais constituídas por municipios que se asocian para a prestación en común de obras, servizos e/ou actividades da súa competencia. Teñen personalidade xurídica e capacidade de obrar plena e independente da dos concellos que a integran.

Para a selección das mancomunidades nas que se desenvolverá este proxecto tivéronse en conta aquelas que teñen entre os seus fins a prevención e extinción de incendios, e dentro destas, aquelas cuxos concellos que a integran teñen ampla experiencia na colaboración coa Consellería de Medio Rural nos últimos anos mediante a sinatura dos "convenios interadministrativos entre a Consellería de Medio Rural e as entidades locais para a realización de actuacións de prevención e defensa contra os incendios forestais".

É importante salientar ademais que os Distritos Forestais nos que se sitúan estas mancomunidades de municipios contan con 14 Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI) do total de 17 parroquias declaradas na provincia de Ourense.





Numero de PAAI en 2025		
PAAI totales en Galicia	PAAI en Ourense	PAAI en Distritos XI, XII e XIV
26	17	14

Numero de lumes nos últimos dez anos		
Nº lumes Galicia	Nº lumes provincia Ourense	Nº de lumes Distritos XI, XII e XIV
15.793	5.841	3.891

Máis do 66% do número de lumes da provincia de Ourense tiveron lugar nos Distritos Forestais onde se sitúan estas mancomunidades.

CRITERIOS SELECCIÓN FEADER:

As seis mancomunidades de municipios cumpren os criterios de operacións vixentes para a Intervención 68812: Investimentos forestais en prevención de danos forestais, dentro da cal está a subintervención 68812_08 Colaboración con entidades locais do PEPAC 2023-2027:

- Criterio 1: Entidades locais que conteñan Parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI), cuxa relación e xustificación poderase consultar no PLADIGA.:6 puntos
- Criterio 2: Entidades locais que tiveron PAAI nos últimos 10 anos e non as teñan na actualidade: 4 puntos
- Criterio 3: Entidades locais con espazos protexidos en Rede Natura 2000: 5 puntos
- Criterio 4: Concellos que estean declarados como zonas de alto risco (ZAR) segundo a orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal:
 - Zonas declaradas de alto risco: 6 puntos
 - Zonas declaradas de medio risco: 3 puntos
- Criterio 5: Entidades locais con obrigas de xestión da biomasa establecidas na normativa autonómica: 6 puntos
- Criterio 6: Mancomunidades de municipios, pola súa labor conxunta e agrupada de actuación favorecendo a coordinación e xerando sinerxías entre varias entidades municipais.: 3 puntos

Puntuación máxima: 30 puntos

Puntuación mínima: 9 Puntos





Entidade	Criterio 1	Criterio 2	Criterio 3	Criterio 4	Criterio 5	Criterio 6	Puntuación totalidade
M. I.V. Do Ribeiro	0	0	0	6	6	3	15
M. de municipios comarca de Verín	6	4	5	6	6	3	30
M. de municipios da comarca do Carballiño	0	0	5	6	6	3	20
M. I.V. Terra de Celanova	0	0	5	6	6	3	20
M. V. de municipios da comarca de Ourense	0	4	5	6	6	3	24
M.I.V. Santa Águeda	0	4	0	3	6	3	16

FINANCIAMENTO:

Os custos das accións a desenvolver neste convenio financiaranse do seguinte xeito:

Importes máximos financiados por brigada		
Actuación	Importe por brigada	Tipo de fondos
Actuacións vixilancia e defensa contra incendios (para brigada 5 compoñentes)	31.000 €	Fondo Propio da Comunidade Autónoma
Actuacións prevención contra incendios forestais	56.000 €	Fondo FEADER+ Cofinanciamento
Total por brigada	87.000 €	





Importes máximos financiados pola Consellería do Medio Rural			
MANCOMUNIDADE BENEFICIARIA	ACTUACIÓNS PREVENCIÓN INCENDIOS FORESTAIS (Importe máximo da axuda ano 2026) Fondos Feader + Cofinanciamento [Proxecto 2025 00134]	ACTUACIÓNS VIXILANCIA E DEFENSA INCENDIOS FORESTAIS (Importe máximo da axuda ano 2026 por brigada de 5 compoñentes) Fondos propios Comunidade Autónoma [Proxecto 2011 00771]	IMPORTE MÁXIMO TOTAL POR MANCOMUNIDADE
M. I.V. Do Ribeiro (4 brigadas)	224.000 €	124.000 €	348.000 €
M. de municipios comarca de Verín (4 brigadas)	224.000 €	124.000 €	348.000 €
M. de municipios da comarca do Carballiño (4 brigadas)	224.000 €	124.000 €	348.000 €
M. I.V. Terra de Celanova (4 brigadas)	224.000 €	124.000 €	348.000 €
M. V. de municipios da comarca de Ourense (4 brigadas)	224.000 €	124.000 €	348.000 €
M. I.V. Santa Águeda (2 brigadas)	112.000 €	62.000 €	174.000 €
Total por tipo de actuación	1.232.000 €	682.000 €	
TOTAL CONVENIO	1.914.000 €		

A Consellería do Medio Rural financiará este importe, con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.551B.760.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, coa seguinte distribución por tipo de fondo e proxecto orzamentario:

- Actuacións de prevención de incendios forestais: 1.232.000 € con cargo ao proxecto 2025 00134 cofinanciado polo Feader PEPAC 2023-2027 (80%), pola Administración xeral do Estado (16%) e pola Xunta de Galicia (4 %).
- Actuacións de vixilancia e defensa contra incendios forestais: 682.000 € con cargo ao proxecto 2011 00771 financiado co Fondo propio da Comunidade Autónoma.

As mancomunidades de municipios financiarán os gastos da posta en funcionamento das súas brigadas que excedan dos importes de financiamento sinalado no punto primeiro desta cláusula con cargo aos seus respectivos orzamentos.

Cada actuación aprobada para cada brigada indicadas no cadro xera un expediente administrativo de subvención diferenciado, que se tramita de conformidade coas cláusulas do convenio e ao abeiro do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cada brigada xerará polo tanto dous expedientes diferenciados:

- Actuacións de vixilancia e defensa de incendios financiadas co fondo propio da Comunidade Autónoma de Galicia.





- Actuacións de prevención de incendios financiadas con fondo FEADER, enmarcado dentro da subintervención 68812_08 "Colaboración con entidades locais" do PEPAC 2023-2027 polo que están cofinanciadas polo Feader (80%), pola Administración xeral do Estado (16%) e pola Xunta de Galicia (4 %).

Estes expedientes tamén son tratados de forma diferenciada en canto a xestión económica e orzamentaria:

- Nas actuacións de vixilancia e defensa (financiadas polo fondo propio da Comunidade Autónoma proxecto contable 2011 00771) , poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 90% do importe da axuda.
- Nas actuacións de prevención de incendios (financiadas polo fondo FEADER, proxecto contable 2025 00134), poderán realizarse pagos a conta coa limitación establecida no artigo 62.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de la Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

EVOLUCIÓN DO GASTO

Os importes subvencionados por brigada para cada actuación recollida neste convenio aumentan respecto do exercicio 2025 na parte correspondente ás actuacións de prevención de incendios forestais. O ano 2025 estivo marcado por unha situación de especial gravidade na provincia de Ourense en materia de incendios forestais, polo que o reforzo dos traballos preventivos resulta esencial para reducir a probabilidade de ignición e minimizar o impacto dos lumes.

Cómpre engadir, ademais, que a execución do convenio anterior foi impecable e demostrou a capacidade real de incrementar o volume de actuacións preventivas, mantendo a eficacia operativa e a calidade dos traballos.

Por outra banda, o incremento global do gasto responde tamén ao aumento do número de entidades beneficiarias deste convenio e, en consecuencia, ao maior número de brigadas que se constituirán:

	Nº de brigadas	Importe por brigada	Importe total convenio
Ano 2025	16	81.000 €	1.296.000 €
Ano 2026	22	87.000 €	1.914.000 €





FITOS E OBXECTIVOS

Dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2022/2030, no eixe 2 Galicia verde e sostible, prioridade de actuación 2.3 "Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais" están encadrados os obxectivos estratéxicos:

2.3.1. Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

2.3.2. Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención. E dentro deste obxectivo, en concreto na liña de actuación estratéxica: planificación preventiva contra incendios forestais na actuación concertada de todas as administracións reforzando as estruturas de extinción e prevención de incendios forestais (por medio da realización de tratamentos preventivos e silvícolas e de vixilancia).

Dentro destes obxectivos estratéxicos, a execución do convenio contribuirá a acadar os seguintes indicadores de realización:

- Poboación beneficiada pola actuación e que diminúe o seu risco (emprego para labores de prevención).
- Poboación atendida polo sistema de atención de emerxencias.
- Profesionais de intervención antes as urxencias.
- Número de lumes.
- Número de efectivos
- Poboación beneficiada das medidas de prevención de incendios forestais.

Santiago de Compostela, coa data da sinatura dixital

O director xeral de Defensa do Monte

Manuel Francisco Gutiérrez

